

SUSPENSOS e PENDENTES de 1º eso

Contidos mínimos esixibles para recuperación de 1º ESO (incluído pendentes)

-Bloque 1º: elementos físicos e fisiolóxicos da percepción visual. A luz, fontes, física da luz. Fisioloxía do sentido da vista, o ollo. O cerebro, Psicoloxía da percepción, percepción ambigua e enganosa. Organización do campo visual, punto de vista, angulación e planificación. A luz e a forma, contorno, sombras.

Elementos fundamentais, punto, liña, plano e volumen. Definicións e características.

-Bloque 2º: A forma, natural e artificial, orgánica e xeométrica. O punto, a liña e o plano, definicións, valores expresivos e estruturais. Clasificación, modulación destes elementos.

Forma e figura, figura e fondo, contorno e silueta.

Superficies, planos, curvas, poliedros, combinacións.

Trazados xeométricos básicos, liñas e figuras, segmentos (teorema de Tales) polígonos, triángulo, cuadrado, círculo, redes poligonais. Polígonos inscritos na circunferencia.

-Bloque 3º . O alumnado terá que incluír no traballo os 20 exercicios de xeometría explicados en clase, feitos a man, con escuadra, cartabón e compas, a lápiz ou portaminas sobre folios en branco e perfectamente numerados os elementos xeométricos (puntos e liñas). É imprescindible para calificar que se poida ver o “procedemento empregado” explicado na clase e non valen solucións alternativas. Os exercicios se fan dous por cada páxina, é dicir 4 por folla o que fará un total de 5 follas, e terán que ser os orixinais dibuxados a man, non vale fotocopia

TRABALLO SUSTITUTORIO DO EXAMEN DE SETEMBRO POR MOR DA PANDEMIA

Os alumnos/as que teñan suspensa ou pendente a asignatura de 1º da ESO realizarán un traballo sustitutorio do examen baixo as condicións seguintes. Dito traballo terá que ser entregado **o día 1 de setembro entre as 9:00h e as 13:00** na coserxería do centro facendo constar na primeira folla nome, número e curso de quen se trate.

Mínimo 30 páxinas (15 follas polas dúas caras, nas que se inclúen as 5 follas da xeometría) no que se expliciten os contidos da asignatura (que constan nos bloques do punto anterior) , **a un espazo**, con tipo de letra times new roman de 12 puntos; márxen non superior ós 3 cm; **non poderá haber zonas en branco** e ás imaxes **non superarán un tercio da superficie de cada folla**.

Se verificará que a información incluída no traballo non sexa **“recorta e pega”** de páxinas de Internet nin do libro de texto. De comprobarse este extremo, ou non dar por cumprido os requisitos anteriormente expostos ou non poder o alumno responder na exposición oral virtual da autoría do traballo se a oubera , este será declarado NON válido e o alumno/a terá a asignatura pendente.

En caso de non dispoñer de ordenador, poderase facer a man sobre follas cuadrículadas tamaño folio sen deixar entre renglóns máis de una cuadrícula, e cos mesmos márgenes e condicións anteriores.

NOTA

Debido a situación creada pola pandemia, os alumnos suspensos en Xuño e os pendentos recuperarán só presentando o traballo nas condicións establecidas, aínda que o profesor poderá constatar cun exámen telemático posterior, que é o alumno ou alumna quen o fixo.